

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 18 de novembro de 2024**

Con data dezaioito de novembro do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Teresa Barge Bello

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado provincial D. Rosendo Luis Fernández Fernández que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE NOVIEMBRE DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de novembro de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 12 de novembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2024.-

De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Resolución do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2024.

1º) Estimar a alegación presentada pola entidade **Asociación Baloncesto Xinzo**, por non realizarse a valoración da súa solicitude.

2º) Aceptar as renuncias presentadas polas seguintes entidades:

- Asociación Motor Club Val de Ramirás- G70874318: 1º Rally Sprint Val de Ramirás.
- Club Nautico Castrelo de Miño- G32158461: Regata Internacional de Optimist-Trofeo Deputación de Ourense 2024.
- Escuela Deportiva Artai- G32352593: Campionato Galego oficial de Kungfu moderno 2024.
- Federación Galega de Esquí Náutico- G32185738: Campeonato de España de Wakeboard e Wakesurf 2024.
- Club Adas do Barco de Valdeorras- G32027195: XVI Carreira popular 5KM dos Santiños.
- Club Deportivo Purísima- G32411381: Trail e Andaina Ruta dos Muiños.

3º) Denegar a concesión de subvención ao seguinte solicitante por non acadar a puntuación mínima establecida pola Comisión de Valoración:

- **JLB MOTORSPORT:** Rally Comarca Carballiño 2024

4º) Excluir da valoración as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

- Asociación Deportiva Jockey Club Galicia- G32461220-III Gran Premio de Galicia de Trote: esta solicitude queda excluída da valoración, posto que este evento xa obtivo unha subvención ao abeiro do concurso público para a concesión de subvencións para as Copas Deputación 2024.
- Escolas Deportivas Nogueira de Ramuín- G32478034- II Trofeo Kickboxing Terras de Aguiar: esta solicitude queda excluída da valoración, posto que foi cancelado o evento deportivo.
- Federación Galega de Hockey – G32172058- Campeonato Hockey Esolar 2024: esta solicitude queda excluída da valoración xa que se trata dunha liga escolar non tendo encaixe neste concurso, de acordo co contido da definición establecida na base primeira das que rexen a convocatoria.

5º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

	ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	PROXECTO	RESULTADO
1.	Federación Galega de Tenis	G15102767	IV Internacional Feminino W50 do 11 ao 18 de agosto de 2024-Ourense	10.522 €
2.	Club Parapente Baltar	G32478257	Campeonato de España de Parapente 2024 y Open Fai II	4.811 €
3.	Asociación Xádréz Ourensán Universitario	G32314213	X Torneo Internacional de Xadréz campus de Ourense	1.200 €
4.	Moto Club A Peroxa	G36837243	Campeonato de Europa y España de Hard Enduro	4.586 €
5.	Federación Galega de Hockey	G32172058	Semifinais Nacionais Sala División Honra Masculina e Feminina	4.376 €
6.	Club Deportivo Open	G32321325	OHF 2024 17º Torneo Internacional Veterans	3.000 €
7.	Federación Ourensana de Halterofilia	G15121700	Campeonato de España de Halterofilia 2024	3.795 €
8.	Escuderia Motor Piñor	G56915622	I Rally sprint de Piñor	4.001 €
9.	Escolas deportivas Nogueira de Ramuín	G32478034	VI Trofeo Kickboxing Ribeira Sacra	2.104 €
10.	Clube Balonmán Pabellón Ourense	G32314999	Torneo Balonman Milenium	1.973 €
11.	AEHDE Carballiño	G532440828	VI Trofeo vila do Carballiño de patinaxe na modalidade de libre	1.830 €
12.	Club Deportivo Ourela	G32441065	I Fase de niveis libres Ourense e Pontevedra	260 €
13.	Moto Club A Peroxa	G36837243	Resistencia de Enduro de Taboadela y Toen 2024 para todas las categorías infantil, feminas, absolutos	1.731 €
14.	Clube Balonmán Pabellón Ourense	G32314999	Contra la violencia jugamos todos	680 €
15.	Club Peña Trevinca	G32022626	XVIII Andaina Outono O Barco de Valdeorras	1.633 €

	Barco			
16.	AEHDE Carballiño	G532440828	IV Trofeo Terras do Orcellón de grupos show de patinaxe artística	1.415 €
17.	Federación Galega de Karate	G36640019	Xornada 4 de liga galega de Kárate celebrada en Ribadavia	1.598 €
18.	Club Ourense Atletismo	G32314379	Trofeo Iberico de probas combinadas e miting transfronterizo España-Portugal	1.577 €
19.	Asociación Baloncesto Xinzo	G32358186	TORNEO 3X3	1.569 €
20.	Club Adas del Barco de Valdeorras	G32027195	XIII Carreira e Andaina popular do Nadal de A Rúa	450 €
21.	Federación Galega de Balonmán	G36690832	Fase final Copa Galicia Fase final 1ª Nacional masculina e división honor	1.486 €
22.	Escuela de Kickboxing Cipri Gomes	G32352478	XXI Trofeo Internacional Kickboxing cidade de Ourense	1.300 €
23.	Running Sport Trail	G32413023	XII Chandrexa Trail	1.443 €
24.	Centro de Deporte Barco	G32033763	Torneo Valdeorras Perullo Cup 2024	1.437 €
25.	Club Deportivo Xadrez Ourense	G32361271	XVII Copa Galicia individual de Xadrez "II Memorial Emilio Rodríguez" 2024	1.410 €
26.	Club Asaltamontes	G32421869	VI Asaltamontes Trail	788 €
27.	Club Ximnasia Pavillón Ourense	G32312589	XVI Torneo Primavera cidade de Ourense	779 €
28.	Asociación Deportiva Jockey Club Galicia	G32461220	IV Gran Premio Astrot	751 €
29.	Asociación Baloncesto Xinzo	G32358186	XII Torneo internacional Mini Vilas de Ourense	750 €
30.	Club Depordima	G32374894	I Torneo Minibasket Nadal Depordima Basket	728 €
31.	Club Polideportivo Athlos de Orense	G32028292	IV Campamento e Torneo de Badminton base Concello de Muiños	707 €
32.	Escolas deportivas Concello de Maceda - Clube Deportivo	G32483307	VII Torneo F8 de Maceda-Memorial Miguel Seara	699 €
33.	Asociación Deportiva Ovala2	G32493595	XII Roteiro Parroira Bike 3HR 2024	692 €

34.	Club Ximnasia Escola Pavillón	G32346751	XVIII Torneo Nadal-IV Memorial Marosa Salgado Madriñán	692 €
35.	Castro Trail Team	G32470619	Castro Trail	630 €
36.	Academia Futsal Ourense	G56153307	Torneo Nadal cadete	308 €
37.	Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Trail de Entroidos 2024	605 €
38.	Club Deportivo Purísima	G32411381	IV Trofeo C.D la Purísima - Concello do Pereiro	568 €
39.	Club Deportivo Ecuestre de Ourense	G32324865	Spanish Heritage Championship 2024	525 €
40.	Asociación Xuvenil Amencer	G32025405	Xornada de xogos populares deportivos	285 €

6º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases da convocatoria, debido á dilación na convocatoria do presente concurso, ata o día **15 de decembro de 2024**.

7º) Proceder á publicación do pertinente acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense, para coñecemento e efectos oportunos.

3º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE ESGOS.- De conformidade coa proposta da Presidencia, a Xunta de

Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Esgos, do xeito seguinte:

Causan baixa no plan as seguintes actuacións:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Melloras no acceso ao núcleo de Vilar	6.922,89	6.922,89	0,00
Melloras no acceso ao núcleo de Vilar II	7.638,54	7.638,54	0,00

Causan alta no plan con cargo a remanentes na achega provincial as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora no acceso ao	16.369,49	16.369,49	0,00

núcleo de Vilar			
Traballos realizados por profesionais: (redacción de proxectos, dirección de obras, coordinación de seguridade e saúde)	8.934,00	8.389,45	544,55

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

4º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE RUBIÁ.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2024 no Concello de Rubiá, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación rúa do Barreiro en Biobra	48.000,00	48.000,00	0,00

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos con achega provincial:

Denominación	Orzamento total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Rehabilitación e rexeneración rúa Chao do Río en Robledo da Lastra	48.000,00	48.000,00	0,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión realizada por aquela.

5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA “PROMOCIÓN DA FORMACIÓN EN TURISMO”, CORRESPONDENTE AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o convenio de colaboración, asinado o 27 de xuño de 2024, entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para a promoción de accións universitarias relativas á promoción da formación en turismo.

2º) Aprobación dunha subvención á Universidade de Vigo, nos seguintes termos:

-Importe: 80.000,00 euros.

-Obxecto: “Promoción da formación en turismo”, correspondente ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (80.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas

líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN CULTURAL NO CAMPUS DE OURENSE, CORRESPONDENTES AO ANO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1º) Ratificar o convenio de colaboración, asinado o 27 de xuño de 2024, entre a Universidade de Vigo e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, correspondentes ao ano 2024.

2º) Aprobación dunha subvención á Universidade de Vigo, nos seguintes termos:

-Importe: 220.000,00 euros.

-Obxecto: Desenvolvemento de actividades de difusión cultural no Campus de Ourense, correspondentes ao ano 2024.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da entidade beneficiaria, no que se acrediten respecto a actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (229.848,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

7º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Nos se suscitaron.

8º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e oito minutos do referenciado día dezoito de novembro do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.